

Árbores centenarias

Entre o extenso e variado patrimonio natural de Galicia destacan as árbores. Nos soutos e fragas da comunidade agóchanse impresionantes carballos, castiñeiros e mesmo eucaliptos centenarios ou case milenarios, testemuñas únicas da historia galega

Patrimonio de raíz

Unha guía recolle moitas das árbores centenarias que hai en Galicia

P. Mera

A CORUÑA

As cantigas de Alfonso X o Sabio no século XIII, a revolta irmandiña no XV, a emigración masiva no XIX... Ademais dos códices e crónicas que deron conta daquelas épocas, aínda quedan testemuñas vivas dos acontecementos que marcaron a historia de Galicia: árbores centenarias, case milenarias, que enchen o solo galego de raíces. Oito deses exemplares están recollidos na guía *Árbores, leyendas vivas*, que fai un inventario das cen árbores máis vellas e portentosas de España. Unha boa guía de viaxe para os que gustan das vacacións na natureza.

O carballo de San Antonio, en Carballo —ao que as lendas atribúen poderes de casamenteiro e fertilizador—; o aliso da Fervenza no municipio lucense do Corgo; o carballo do Cartelos e o de Herdeiros, os dous en Carballo (tamén na provincia de Lugo); o castiñeiro de Baamonde; os carballos de Santa Margarita e o do Viño en Pontevedra e o castiñeiro de Rozabales, en Manzaneda, son os exemplares citados neste manual, editado polo colectivo Bosques Sin Fronteras, e que xa vai pola segunda edición.

Case todos teñen polo menos 300 ou 400 anos de idade, aínda que destacan o de Santa Margarita, no parroquia pontevedresa de Mourente, que se estima foi plantado hai case 800 anos, e o de Rozabales —declarado pola Xunta Monumento Natural—, que logo de case 900 anos de vida tense por unha das árbores máis vellas de Galicia.

Protección oficial

Pero esas oito árbores centenarias e monumentais non son, nin moito menos, as únicas que levan séculos medrando en Galicia. A Consellería de Medio Ambiente ten catalogadas no seu inventario de Árbores Senlleiras até 128 exemplares e formacións arbóreas —a maioría, 49, na provincia da Coruña— entre carballos, castiñeiros, cipreses, eucaliptos, secuioias, magnolios, laranxos, camelias ou metrosideros. Os técnicos escóllenos pola súa singular idade, porte, aspecto ou pola historia que vai vencellada a eles, entre outros criterios. Con todo, os particulares poden solicitar a catalogación mediante os formularios dispoñibles na páxina web de Medio Ambiente. Todas as árbores incluídas no catálogo da Xunta contan cunha protección especial, pola que se prohíbe "calquera acción que poida afectar nega-

tivamente á súa integridade, saúde ou aparencia". Ademais, a Consellería concede axudas aos donos das árbores, se é que os hai, para que poidan coidalas e mantelas limpas.

A maioría das árbores cualificadas como senlleiras pola Xunta son especies autóctonas, como o carballo, o castiñeiro ou o teixo, un arbusto sagrado para a cultura castrexa que deixou moita pegada na toponimia galega e do que aínda quedan exemplares case milenarios como o do pazo de Balmir, en Bergondo, ou o teixidal do Casiao, un lugar único no municipio ourensano de Carballeda de Valdeorras.

A Consellería ten catalogados 128 exemplares de Árbores Senlleiras con protección especial

Tamén destacan os castiñeiros da fraga de Catasós, en Lalín, que ademais de "árbores senlleiras" tamén están catalogados como un dos sete Monumentos Naturais da Xunta —igual có carballo de Rozabales en Manzaneda, a carballa da Rocha en Rairiz de Veiga e o eucaliptal de Chavín, en Viveiro—. Os castiñeiros de Catasós son dos máis altos de Europa, con máis de 30 metros de porte e cinco de diámetro. A súa resistencia logo de varios centos de anos mereceu un estudo científico para intentar clonar as árbores para repoboar outras zonas.

Pero non todo van ser especies autóctonas. Tamén hai en Galicia eucaliptos centenarios, como os de Chavín, en Viveiro, que foron dos primeiros que se plantaron en Galicia coas sementes que trouxera de Australia Fray Rosendo Salvado. No eucaliptal viveirense de Chavín, no medio do souto da Retorta, destaca un exemplar, coñecido como O Avó, que mide 62 metros de altura, 7,5 de diámetro do tronco e que, din, foi plantado fai 128 anos, en 1880. É un dos eucaliptos máis grandes e vellos de Europa.

Catro anos despois do Avó, segundo a acordanza dos veciños, plantáronse outros dous eucaliptos, non tan coñecidos pero que aínda resisten en Bordel, no concello de Abegondo, se cadra coas mesmas sementes que Fray Rosendo, natural de Tui, repartiu entre os seus coñecidos e que foron o cerne da plantación masiva de eucaliptos en Galicia



EUCALIPTOS DE BORDEL


Localidade: Abegondo
Idade: 124 anos

Historia: Un veciño de Bordel foi o que, en 1884, prantou os dous eucaliptos da Horta. Polo menos un deles resistiu un lume.

CARBALLO DO VIÑO

Localidade: A Lama
Idade: 511 anos

Historia: Os veciños celebran todos os 7 de setembro a festa do viño ao pé deste carballo de Pelete.




CASTIÑEIRO DE BAAMONDE

Historia: Plantado a finais do século XIII, o castiñeiro fíxo local Víctor Corral se esculpido con moitas

CASTIÑEIRO DE ROZABALES

Loc.: Manzaneda
Idade: 900 anos

Historia: Coñecido como o castiñeiro de Pumbairiños, tense por unha das árbores máis vellas de Galicia e mesmo de España, o que lle valeu a todo o souto o título de monumento natural. O tronco mide case 13 metros de perímetro.



Árbores centenarias




2

FRAN MARTINEZ



3

INAKI OSORIO



4

VICTOR ECHEVE

▲ METROSIDERO DA CORUÑA

Loc.: A Coruña
Idade: 300 anos

Historia: Crese que foron mariñeiros ingleses ou holandeses os que, no século XVII, plantaron onde hoxe está a policía local da Coruña esta especie orixinaria de Nova Zelanda e que Francisco Vázquez convertiu no símbolo da cidade. Ao parecer, os marinos pararan no lugar para aprovisionarse de xabón, pois daquela nesa praza había unha fábrica de xabón.

Localidade: Begonte


Idade: 400 anos

Na igrexa románica do século XI, nos anos 70, cando o escultor cortou no seu tronco, que deixou para impedir que o cortaran.

▲ CARBALLA DA ROCHA

Loc.: Rairiz de Veiga
Idade: 400 anos

Historia: Malia ter máis de catro séculos enriba, o exemplar máis destacado desta carballa ourensá ten moi boa saúde, sen feridas, deterioros nin pragas. Mide 33 metros de altura.




5

RAFA VÁZQUEZ

▲ CARBALLO DE SANTA MARGARITA

Localidade: Pontevedra
Idade: 800 anos


Historia: Considerado milagroso para as enfermidades da pel, é o único supervivente dun souto milenario que se talou, entre outras cousas, para construír en Pontevedra a 'Santa María' de Colón



▼ CARBALLO DE SAN ANTONIO

Localidade: Carballo
Idade: 388 anos

Historia: As lendas atribúenlle a este carballo moitos milagres. De feito, as mulleres do lugar aínda gardan a tradición de tirarlle sete pedras ao burato do tronco. Se atinan e están solteiras, a árbore dálles un marido. Se están casadas, un fillo.



7

FRAN MARTINEZ



8

FRAN MARTINEZ